

CURSO

**MELLORA DAS
COMPETENCIAS
PROFESIONAIS A TRAVÉS
DA ABORDAXE
HUMANISTA GESTALT**

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6

15707 Santiago de Compostela | A Coruña

Tel. 981 568 100 | Fax 981 941 898

www.traballosocial.gal | info@traballosocial.gal



Índice

0.	INFORMACIÓN DO CURSO	1
1.	FUNDAMENTACIÓN	1
2.	CONTIDOS	2
3.	PERSOAS DESTINATARIAS	2
4.	METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS	2
5.	CALENDARIO/PLANIFICACIÓN	2
6.	AVALIACIÓN	3
7.	EQUIPO DOCENTE.....	3

0. INFORMACIÓN DO CURSO

 Duración	12,5 horas
 Lugar	Zoom
 Datas	Do o 9 de xuño ao 8 de xullo de 2021. 5 sesións de videoconferencia os días 9, 17 ,24 de xuño 1 e 8 de xullo.
 Horario	De 16.30 a 19.00h.
 Prezos	Persoas colexiadas en activo: 110€ Persoas colexiadas en desemprego : 90€ Persoas non colexiadas: 130€

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes de cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1. FUNDAMENTACIÓN

O traballo de autoconecemento é imprescindible tanto no desenvolvemento persoal como para unha boa práctica profesional. As persoas definímonos e explicámonos a nós mesmas a través da relación. A abordaxe gestáltica céntrase precisamente na relación, expoñendo un percorrido para que as e os participantes poidan realizar unha exploración individual nun contexto grupal para mellorar as súas competencias na intervención social.

2. CONTIDOS

Modulo I: A intervención social con perspectiva humanista.
Módulo II: Ferramentas para o acompañamento.
Módulo III: Demandas e necesidades, unha relación de dúas.
Módulo IV: Frustración e Esixencia versus Límites e Claridade
Modulo V: O coidado e o autocoidado: “Coidarse para poder darse”.

3. PERSOAS DESTINATARIAS

Prioritariamente para persoas precolexiadas e colexiadas, diplomados/as e/ou graduados/as en Traballo Social. Aberto tamén a outros profesionais que teñan relación coa intervención social (Educativas/es Sociais, Integradoras/es, Psicólogas/os, Avogadas/os ,...) e que desexen incorporar novos recursos para a súa práctica profesional.

4. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para aprender é necesario emocionarse. É na emoción onde se revelan os significados que achegan sentido á nosa intervención e existencia.

Experiencial. Propomos unha metodoloxía experiencial na que haberá unha parte teórica e outra vivencial, sendo a experiencia o alicerce fundamental para a aprendizaxe.

Transversalidade. Os contidos traballados son escoita, límites e claridade, esixencia, ciclo de necesidades e coidado e autocoidado. Estes contidos non só serán de carácter formativo, senón tamén unha forma de transversal de ser e estar nos talleres. Experimentar a metodoloxía, facela viva para facilitar que asimilemos os contidos.

Perspectiva de xénero. As profesionais da intervención social son na súa maioría mulleres. Construír ferramentas con perspectiva feminista achega á intervención un marco teórico cunha mirada ampla e inclusiva.

Grupo reducido e co-formación. Propomos un grupo reducido de 12-14 persoas con dúas formadoras da intervención social e especializadas en Terapia Gestalt para favorecer o coidado e a experiencia e calidade do traballo desenvolvido.

5. CALENDARIO

O curso desenvolverase desde o 9 de xuño ao 7 de xullo de 2021 .

Impartirase a través de 5 sesións de videoconferencia de 2,5 horas de duración cada unha os días os días 9, 17 ,24 de xuño e 1 e 8 de xullo, de 16.30 a 19.00h.

6. AVALIACIÓN

Non é necesario proba, nin superación de ningún exercicio. A finalidade da proposta formativa é a integración de novos coñecementos e ferramentas. O aproveitamento e o novo incorporado supón unha avaliación propia que se verá reflectida á hora de desenvolver a práctica profesional.

7. EQUIPO DOCENTE

Lara Rodríguez Chenlo

Educadora Social e Terapeuta Gestalt especialista en intervención psicoeducativa con Familias, Adolescentes e Infancia. Formadora con perspectiva de xénero e diversidade. Despois de varios anos adicada á Cooperación Internacional e ao traballo en Servizos Sociais de distintos Concellos, exerce de maneira privada como EDUSO e Terapeuta Gestalt en Vigo e continúa impartindo formacións en institucións e organismos.

Iria Conde Calvete

Traballadora Social, Psicóloga e Terapeuta Gestalt, con formación en xénero e actualmente formándose en Trauma desde a perspectiva terapéutica do EMDR. A súa experiencia profesional desenvólvese fundamentalmente no ámbito da violencia contra as mulleres tanto desde o social como desde a intervención psicolóxica, traballando tamén a sensibilización en xénero e violencia. Actualmente exerce de maneira privada como psicoterapeuta.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA



981 568 100



Rúa Dublin, 6
15707 Santiago de Compostela | A Coruña



info@traballosocial.gal



[facebook.com/COTSdeGalicia](https://www.facebook.com/COTSdeGalicia)